

EDUCACIÓN FÍSICA – 2º CURSO EP

Benvidos/as a este novo curso.

Despois destes primeiros días de clase nos que comezamos a adaptarnos a esta nova situación faise necesario levar a cabo certos cambios tanto na organización de espazos coma no material co que imos traballar.

De seguro o voso fillo/a tamén saberá explicar con detalle.

Material: É necesario traer

a.- Unha mochila con cordas con:

- * 1 botella de auga
- * 1 paquete pequeniño de panos
- * 1 sobre para gardar a máscara.
- * 1 alfombrilla de goma (impermeable polas 2 caras). Debe vir na mochila dobrada co fin de evitar que se molle.

Medidas: .- Ancho: 65 cm

.- Largo: a altura do voso fillo/a (se é posible engadirlle 10 cm máis).

.- Grosor: 3/4 mm.

*Xogo ou material pedido segundo a semana, previo aviso. (ver axenda ou blogue deportivo)

É importante valorar a necesidade de traer máis auga os días de EF, e de contar cunha máscara máis segundo a suor de cadaquén, así como levar a cabo o aseo ao chegar á casa.

b.- Asistir con roupa e calzado deportivo axeitado, xa dende a casa. Non traer zapatillas deportivas de plataforma.

Os días de choiva preferentemente traer calzado deportivo. De traer outro calzado debe traer os tenis na mochila.

c.- Non asistir con pulseiras, reloxos, aneis, colgantes ou pendentes de aros grandes ou longos. O pelo longo debe vir recollido.

Segundo vaíamos avanzando no curso, valorarase a necesidade ou non de outro material.

Material para xogar:

Durante as sesións de EF, realizaremos xogos sen material e/ou xogos con material construído nas sesións de confinamento do curso pasado e neste curso. É importante traer o material pedido no día que se solicita.

As sesións de EF son o luns e o xoves.

- Non esqueza que se o alumno/a padece algún tipo de enfermidade ou doenza (diferentes das xa comunicadas), que lle impida desenvolver a clase con normalidade, deberá presentar unha xustificación médica para que se teña en conta á hora de ser avaliado.

A mestra de EF
(Ánxela)

[VER VÍDEO](#)

